



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Lingua Galega e Usos	Código	613G03045		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Sanchez Rei, Xose Manuel	Correo electrónico	x.m.sanchez.rei@udc.es		
Profesorado	Sanchez Rei, Xose Manuel	Correo electrónico	x.m.sanchez.rei@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Estudo das relacións entre norma e usos da lingua galega, con especial atención á problemática sociolingüística.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A	B	C
Describir e analizar a relación entre lingua e sociedade e interpretar a complexidade dos fenómenos sociolingüísticos.	A1 A2 A3 A4 A9 A11 A14 A15	B1 B3 B4 B5 B7 B8	C1
Recoñecer a lingua como un vehículo de creación e transmisión cultural que produce e reproduce as relacións de xénero no plano simbólico.	A4	B4 B8 B10	C4 C7
Desenvolver estratexias e técnicas que permitan comprender os procesos comunicativos e, especialmente, identificar os patróns de xénero que rexen a comunicación.	A4 A10	B3 B4 B5 B8	C4 C7
Realizar análises segundo os principios e os métodos propios das correntes teóricas máis relacionadas cos contidos da materia.	A1 A2 A3 A4 A9 A10 A11 A14 A15	B3 B4 B5 B7 B8 B9	C1 C8



Desenvolver un pensamento crítico sobre a situación sociolingüística no espazo cultural galego.	A4 A10 A11 A14 A15	B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6 C8
Saber detectar os usos sexistas e desenvolver pautas de interpretación non androcéntricas.	A4 A10 A11 A15	B4 B10	C4
Acreditar o coñecemento e manexo dos principais recursos bibliográficos, bases de datos e repositorios dixitais sobre lingua e sociolingüística no ámbito cultural galego.	A4 A11 A15	B1 B2 B3 B4 B6 B7 B9	C4 C6 C8
Ter un dominio avanzado da norma gramatical galega, así como coñecer o proceso de estandarización e a variación lingüística do galego.	A4 A9 A10 A15	B4 B7	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Lingua, estándar e variación	1.1. Norma e uso. Definicións e tipos. Relacións entre norma e variedade estándar. 1.2. O proceso de estandarización da lingua galega. 1.3. A variación lingüística: histórica, xeográfica, social, situacional e de xénero.
2. Norma e calidade lingüística	2.1. O concepto de lingua de calidade 2.2. Aspectos ortográficos e ortolóxicos 2.3. Aspectos morfosintácticos 2.4. Aspectos léxico-semánticos 2.5. Aspectos pragmático-textuais
3. Usos lingüísticos e situación sociolingüística galega	3.1. Usos lingüísticos e ámbitos de uso: familia, amizades, traballo, comercio local, finanzas, escola, administración, saúde, medios de comunicación; oral/escrito; popular/culto; urbano/tradicional 3.2. A situación sociolingüística de Galiza. Natureza social da lingua. Problemática das linguas sen normalizar. Ideoloxías e xuízos de valor sobre as linguas. Monolingüismo, bilingüismo, diglosia, multilingüismo e plurilingüismo.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 A10 A11 A14 B4 B5 B8 B9 B10 C4 C6 C8	17.5	8	25.5



Obradoiro	A1 A2 A4 A9 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C7	9	16.5	25.5
Lecturas	A1 A3 A11 B1 B2 B3 B5 B6 B8 B9 C1 C6	2	20	22
Traballos tutelados	A1 A2 B1 B2 B3 B5 B6 C1 C4	1	18.5	19.5
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C1	2	15	17
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Nestas sesións, o alumnado realizará ACTIVIDADES PRÁCTICAS de diferente tipoloxía (exercicios de completar, corrección de textos, análise e elaboración de textos, lectura e entoación de textos, exposicións, debates etc.) destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. No inicio do curso haberá ACTIVIDADES INICIAIS a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións de que parte o alumnado.
Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo/a profesor/a.
Traballos tutelados	Trátase dunha tarefa en que o alumno ou alumna ten de mostrar a súa capacidade de aprofundar nun tema de maneira autónoma.
Proba mixta	Exame práctico escrito en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Obradoiro Lecturas Traballos tutelados	Para alén do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización das prácticas presenciais e non presenciais. Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A4 A9 A10 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C7	Actividades prácticas presenciais e lecturas derivadas das sesións maxistras, nas cales se avaliará a asistencia, a participación e a correcta aplicación dos contidos teóricos á práctica, a capacidade de análise, a clareza e corrección na expresión oral e escrita, así como o traballo individual e en grupo.	10
Traballos tutelados	A1 A2 B1 B2 B3 B5 B6 C1 C4	Traballo en que se escolle un tema acordado co profesor ou profesora, no cal será tida en conta a orixinalidade da proposta, o desenvolvemento da exposición e a corrección lingüística. O traballo será obrigatoriamente exposto nunha data marcada polo profesor ou profesora.	40



Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C1	Proba escrita con elementos teórico-prácticos. Serán valoradas nesta proba cuestións tales como os contidos, a clareza e rigor expositivo e a calidade expresiva.	50
-------------	-------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----

Observacións avaliación



CUESTIÓNS PREVIAS SOBRE A DOCENCIA E A AVALIACIÓN

Segundo se recolle nas diferentes normativas de aplicación para a docencia universitaria, usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores e autoras de ambos os sexos e propiciarase a intervención de alumnas e alumnos nas aulas, entre outras medidas.

Traballárase para identificar e modificar preconceitos e actitudes sexistas e influírse na contorna para os mudar e fomentar valores de respecto e igualdade.

Deberanse detectar situacións de discriminación por razóns de xénero e proporáanse accións e medidas para as corraxir.

1. OBSERVACIÓNS XERAIS DA AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá superar (con 5 valores sobre 10) o "Traballo tutelado" e a "Proba mixta". En caso contrario, poderá recuperar parcial ou totalmente estas metodoloxías na segunda oportunidade, segundo as normas que se detallan no apartado 2 destas ?Observacións?.

1.2. As actividades prácticas impartiranse exclusivamente nos días fixados polo profesorado da materia. Non serán obxecto de avaliación aquelas actividades que se entreguen fóra de prazo e/ou que non cumpran as directrices establecidas.

1.3. Todas as probas e actividades deben cumprir uns requisitos mínimos de corrección lingüística (ortografía, puntuación, acordo sintáctico, ausencia de repeticións, precisión léxica, rexistro formal, etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Mínimos requisitos para a corrección lingüística" (aprobado pola Sección Galego-Portuguesa o 07/06/2018 e publicado no Campus Virtual) .

2. AVALIACIÓN DA 2a OPORTUNIDADE (xullo)

2.1. Na 2a oportunidade os alumnos serán avaliados cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na anterior oportunidade. Do mesmo xeito que na 1a oportunidade, para aprobar a materia nesta ocasión o alumnado deberá superar (con 5 puntos sobre 10) cada unha das metodoloxías.

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE TEMPRANA DE DECEMBRO

3.1. Nesta ocasión, cada alumno/a será avaliado mediante unha ?Proba Mixta?, que suporá o 50% da cualificación final e que terá lugar na data oficial fixada pola Facultade de Filoloxía, e prácticas diversas (exercicios, traballos, etc.), obtivo un 50%.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO (NP)

4.1. Considerárase Non Presentado o alumnado que non acuda á ?Proba Mixta? e/ou non se presente nin se traballe supervisado.

5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON EXCESO ACADÉMICO

5.1. O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica da exención de asistencia concedida deberá poñerse en contacto co profesorado da materia ao comezo do curso para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación respecto das actividades presenciais. (que serán substituídas por outras actividades equivalentes non presenciais). Así mesmo, aqueles alumnos que xustifiquen a imposibilidade de asistir a clase deberán dirixirse ao profesorado responsable.

6. COMPORTAMENTO NON ÉTICO

Calquera caso de plaxio ou fraude académica suporá un suspenso (0) na materia, tal e como recolle o Regulamento Disciplinario do Alumnado da

UDC: ?Calificación de suspenso na convocatoria na que se cometa falta respecto da materia en que se cometese: o/a alumno/a será cualificado con 'suspenso' (nota numérica 0) na correspondente convocatoria do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para iso, procede a modificar a súa cualificación no certificado de primeira oportunidade, se é o caso".



Fontes de información

Bibliografía básica

- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006 [1998-2004]). Gramática da Lingua Galega (4 vols.). Vigo: A Nosa Terra
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2020 [1997]). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago de Compostela: Laiovento
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2010). Lingua de calidade. Vigo: Xerais
- García Negro, M^a Pilar (1993). Sempre en Galego. Santiago de Compostela: Laiovento
- García Negro, M^a Pilar (coord.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela: Laiovento
- Moure, Teresa (2011). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética. A Coruña: UDC
- Ninyoles, Rafael (2005). Idioma e poder social. Santiago de Compostela: Laiovento
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2011). Lingua galega e variación dialectal. Santiago de Compostela: Laiovento
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (ed.) (2014). Modelos de lingua e compromiso. A Coruña: Baía
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2019). "Sociosintaxe. Perspectivas históricas sobre a calidade da lingua no galego desde o ámbito sintáctico". Acta Iassyensia Comparationis, Special Issue, 145-165
- Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2009). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo: Xerais
- Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2010). Lingua e futuro. Santiago de Compostela: Laiovento

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías